



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Exposición pública do padrón fiscal do prezo público do Servizo da Escola Municipal de Teatro do mes de febreiro de 2026

Anuncio cobranza do padrón fiscal correspondente ao mes de febreiro de 2026 pola recepción do servizo da escola municipal de teatro

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2026 aprobouse o padrón fiscal, do mes de febreiro de 2026, do prezo público pola recepción do servizo da escola municipal de teatro.

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, o cal ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Período de cobramento: O prazo de cobramento, en período voluntario, será de DOUS meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, envíanse ás respectivas entidades de depósito para que sexan cargados nas contas dos seus clientes.

Recursos: Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

-Reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

-Contra a resolución expresa do recurso de reposición: recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, e se non se ditara resolución expresa, no prazo de 6 meses dende a súa interposición.

-Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Vila de Neda, 6 de marzo de 2026

O alcalde

Angel Alvariño Saavedra

2026/1394